



Alumnado gañador do manifesto e o vídeo de secundaria 2018

Concursos Correlingua 2019

O Correlingua organiza para a súa edición de 2019 os concursos escolares de **manifesto**, **banda deseñada** e **vídeo**.

O alumnado de ESO e bacharelato poderá participar nos de manifesto e vídeo, mentres que para infantil e primaria está programado o concurso de BD e tamén unha categoría propia no de vídeo. No 2018 as mozas e mozos que gañaron os concursos de manifesto e vídeo de secundaria pasaron dous días en Alvarella Ecoturismo onde gozaron dun roteiro polas Fragas do Eume ou unha visita ao Museo Etnográfico da Capela, entre outras actividades. As nenas e nenos gañadores da BD e o vídeo de primaria visitaron a Casa-Museo Manuel María e tiveron alí unha actuación só para eles de Paco Nogueiras. Animádevos a participar este ano co voso alumnado para gozar de premios coma estes!

As bases e os formularios de inscrición están dispoñíbeis en correlingua.gal e o prazo de inscrición remata o 1 de febreiro de 2019. Recordade que as propostas deberán centrarse no lema do Correlingua 2019: **o galego é a fórmula**, que reivindica a presenza da nosa lingua en todas as materias do ensino, tamén nas do ámbito científico.

Festas finais 2019

Podedes inscribivros nas festas finais do Correlingua en correlingua.gal. Xa temos máis de 6.000 alumnas e alumnos inscritos. Se no voso centro aínda non o fixestes consultade o calendario e proxectade con que fórmula ides participar neste Correlingua!

Boas festas!!

Desde o Correlingua queremos desexarvos un bo remate de ano e que o pasedes moi ben nas festas! En xaneiro esperámosvos coas baterías cargadas de ideas nas que o galego sexa a fórmula!

Para coñecer máis o Correlingua podedes atoparnos na nosa web (www.correlingua.gal), nas páxinas de Instagram e Facebook [Correlingua](#) e na canle de Youtube [Correlingua TV](#). Tamén podedes contactar con nós a través dos enderezos de correo electrónico correlingua@gmail.com e correlingua@correlingua.gal